

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Festas e mitoloxía relixiosa

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Isabel Bella, menciñeira

Moza solteira que Bernardo Barreiro di ser de Vilar de Donas, (Ourense). O inquisidor Pedro de Gamarra do bispado de Ourense na visita do ano 1602 acusouna de rachar cunhas tesouras un anaco de ara consagrada, procedente dun altar daquela igrexa parroquial, e que a coseu ao xustillo dentro dun pano, a modo de relicario, dicindo que tendo aquilo no seu poder, aínda que tivese que ver cun home, a muller non quedaría preñada.

BIBLIOGRAFÍA

Bernardo Barreiro: Brujos y astrólogos de la Inquisición de Galicia y el famoso libro de San Cipriano (A Coruña, 1885)